

INQUEDOS

Ocio e tempo libre



"Por que ía traballar para outra empresa se o podía facer eu mesmo?"

Diego Rodríguez Martínez

Datos básicos

Actividade:	Ocio e tempo libre
Sector de actividade	Servizos de ocio, diversión e cultura
Nº empregados	1
Inversión inicial	3.000 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado a través de fondos propios.
Web:	www.inquedos.com
Municipio:	Cambre, A Coruña
Ano creación:	2004

Descrición do proxecto

Na empresa desenvólvense as seguintes áreas de actividade:

- Organización de actividades lúdico - culturais.
- Organización de actividades de lecer e lúdico - educativas.
- Organización de rutas de sendeirismo.
- Travesías de montaña.
- Animación de festas infantís.
- Organización de actividades xuvenís.
- Campamentos e campamentos urbanos.

Datos empresa

Claves do éxito

A correcta prestación dos servizos.
Profesionalidade, cada vez a xente é máis esixente.
Capacidade organizativa.
Coñecemento do sector o cal che deixa moitas portas abertas.

Situación actual

Malia a súa xuventude a empresa está crescendo lentamente pero con pasos firmes. En cada actividade que se realiza a xente queda encantada, posto que outorgo gran importancia á calidade dos servizos que ofrezco. O meu traballo está encamiñado á satisfacción do cliente, o que proporciona un grado de fidelización moi elevado.
Nestes momentos é necesario ter máis capital para poder investir no arrendamento dun local, en material e na contratación de persoal fixo.

Perfil cliente

Os principais clientes son as administracións públicas.
Noutras ocasións solicitan os teus servizos outras empresas de tempo libre.
En tempada baixa, os clientes particulares contrátanme para a organización de festas.



Idea inicial

Tras varios anos traballando no sector do tempo libre, coordinando rutas de sendeirismo por conta allea, decidín que non necesitaba traballar para outras empresas posto que podía executar o traballo pola miña conta. De aí xurdiu a idea de crear a miña propia empresa, podendo así realizar as actividades do modo que a min me gusta.

Principales dificultades y amenazas futuras

A principal diticuldade foi non dispoñer de capital para facer o investimento. En canto ás ameazas futuras, o incremento da competencia nesta actividade faise cada vez máis evidente, o que se debe á crecente demanda rexistrada na actualidade deste tipo de servizos. Este aumento da competencia apunta cara a unha maior profesionalización do sector como vía de diferenciación entre as empresas, nas que o elemento distintivo proporcionarao a calidade dos servizos prestados.

Perfil promotores

Diego é monitor e director de actividades de tempo libre. Tamén é técnico en conducción de actividades físico - deportivas no medio natural. Con vinte e cinco anos crea a súa propia empresa aportando seis anos de experiencia no sector do tempo libre, en campamentos, rutas e todo tipo de actividades do lecer.

Aptitudes necesarias

Confianza nun mesmo.
Compromiso.
Profesionalidade.
Continuidade, non deixar pasar as oportunidades.



Guía de Actividad

Empresas de tempo libre (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta
O reto que supón**

**A independencia que proporciona
Ser o meu propio xefe**

Formación

¿Recibiu información específica sobre a creación de empresas?

Recibín formación sobre creación de empresas a través do Plan Xerme. Ademais doutros cursos específicos (atención ao cliente, plan de marketing, ...) a través dos programas de formación do Consorcio das Mariñas.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Si. Noutras empresas poderían subcontratala, pero considero que si ten importancia.

Anecdotalio

Non dispoñible.

